

RESUMO DO PROXECTO EUROPEO KA3 ATS2020

curso 2016-2017

Durante o curso 2016-2017 o centro, a través do departamento de Filosofía, participa no proxecto europeo KA3 "Avaliación de Competencias Transversais 2020 (ATS2020)". É un proxecto de experimentación, cofinanciado pola Comisión Europea e nel participan 17 socios de 11 países da UE, maioritariamente administracións educativas e ministerios de educación.

O proxecto ATS2020 pretende proporcionar ao profesorado e alumnado un modelo de aprendizaxe innovador que apoia o desenvolvemento e a avaliación de competencias transversais (como é o pensamento crítico, a creatividade e innovación, a colaboración, a comunicación e a aprendizaxe autónoma) incorporado no ensino e na aprendizaxe e aproveitando as tecnoloxías dixitais.

Unha característica fundamental da aplicación experimental do proxecto é o uso dunha plataforma dixital chamada Mahara para apoiar os ePortfolios, (mostras das recollidas de traballos dixitais), como unha ferramenta de apoio para a aprendizaxe centrada na avaliación do alumnado.

Como parte da experimentación, recolleranse datos dos grupos seleccionados do noso centro educativo, ao igual que nos outros **250 centros** educativos dos **10 países** que participan neste proxecto. Os alumnos/as realizarán unha proba antes e despois da posta en marcha do proxecto, co fin de avaliar o impacto do proxecto sobre o desenvolvemento de competencias transversais. Ao mesmo tempo, os alumnos/as poderán utilizar actividades, fotos / vídeos e outros materiais escolares de aprendizaxe para os fins do proxecto ATS2020.



8 de xuño, 2017



8 de xuño, 2017

<https://mahara.ats2020.eu/view/view.php?id=16165>